

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A ASOCIACIÓN DE CANS DE SALVAMENTO DE GALICIA "CASAGA" EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil, segundo o disposto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, que establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Antecedentes:

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, é conveniente contar en determinados momentos con medios alleos, ademais dos propios, co fin de optimizar recursos e orzamentos, mellorando a planificación e intervención nas emerxencias ordinarias e extraordinarias que poidan darse na nosa comunidade.

A Asociación de Cans de Salvamento de Galicia (CASAGA), conta cun grupo coa capacitación técnica e estrutura organizativa necesarias, adquiridas ao longo destes anos de colaboración coas autoridades de protección civil da nosa comunidade, o que nos permite dispoñer dun recurso necesario para dar unha resposta na busca e rescate de persoas desaparecidas.

Finalidade:

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Asociación de Cans de Salvamento de Galicia "CASAGA" o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.





O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Asociación Cans de Salvamento de Galicia "CASAGA", para colaborar no financiamento das actuacións de apoio, que esta última pode aportar á acción permanente dos órganos e autoridades con competencia en materia de protección civil, na busca e rescate de persoas, empregando os recursos da propia asociación, fundamentalmente os equipos de busca e rescate de persoas desaparecidas, en determinadas situacións de emerxencia que se orixinen no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dado que estas funcións especializadas son exercidas por CASAGA de forma exclusiva no territorio norte da provincia de Coruña e provincia de Lugo, non poden aplicarse os principios de publicidade e concorrència pública, de acordo co establecido na Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, colaborará no financiamento dos custos que xeren as actividades obxecto do presente convenio, con cargo á aplicación 05.25.212A.640.00 e código de proxecto 2015 00122 dos orzamentos do ano 2022, por un importe de quince mil euros (15.000 €).

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, de 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplícaránselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

O director xeral de Emerxencias e Interior
Santiago Villanueva Álvarez

